


EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN INGLESA 1700-1800



Fuente: M. REINHARD y A. ARMENGAUD, *Historia de la población mundial*, Barcelona, 1966.

a) Describe e interpreta a gráfica.

b) Fai unha síntese das consecuencias do aumento da poboación no século XVIII.

a) A gráfica reflicte a evolución da poboación inglesa entre 1700 e 1800 segundo Reinhard e Armengaud en *Historia da poboación mundial*. Sinala tres liñas que representan: a taxa de natalidade, a taxa de mortalidade en tantos por mil e o aumento da poboación en millóns.

Obsérvanse **dúas fases** principais. Unha que abarca **desde 1700 ata 1740** e outra de 1740 a 1800. Na primeira podemos comprobar como as **taxas de natalidade e de mortalidade** alcanzan cotas **moi altas, entre o 30 e o 40 por mil**. Destaca cara a 1730 un aumento excesivo da mortalidade que supera á natalidade, producida por **mortalidade catastrófica**. Con estas taxas tan altas **a poboación mantense estable ao redor de 5,7 millóns** ou cun lixeiro aumento. Esta situación é propia do **ciclo demográfico antigo**.

A **segunda fase, 1740-1800**, mostra un **descenso moi notable da taxa de mortalidade** e un aumento da de **natalidade**, que inicia un **pequeno descenso cara a 1750** e mantense ata 1800 en torno ao 38,5 por mil. A diferenza entre natalidade e mortalidade alcanza a súa cota máis alta cara a finais de século. O **aumento da poboación** é xa **progresivo** e cara a 1800 case se duplicou.

Neste sentido fálese de **revolución demográfica** e **cambio de ciclo**.

Todo apunta a que **a mellora na alimentación e nas condicións sanitarias e hixiénicas** posibilitou o mantemento das altas taxas de natalidade, en tanto que **propiciou un descenso rápido da mortalidade**.

b) O aumento da poboación beneficiou a Gran Bretaña no seu desenvolvemento económico e industrial. Por unha banda **aumentou a man de obra** e tamén o fixo o **consumo de produtos manufacturados**. A máis poboación traballando, máis consumo e máis **producción**. Mentres os **produtos reducían** o seu **prezo**, efecto beneficioso, a **man de obra abundante** recibía **salarios moi baixos**, efecto perverso da **lei da oferta e a demanda**.

O impacto do **aumento demográfico** deixouse sentir **nas cidades**, que experimentaron un **crecemento espectacular**. **Alí asentábanse as fábricas** e a elas acudían os obreiros. Produciuse unha segregación urbana que separa as clases sociais por barrios: por unha banda os **barrios obreiros** que xurden sen planificación e sen servizos, e pola outra os **ensanches burgueses** ben planificados, con amplas avenidas e xardíns e numerosos servizos.

O crecemento poboacional fixo saltar algunhas alarmas. É o caso de **Thomas R. Malthus**, que considerou moi perigoso un crecemento incontrolado fronte a uns recursos limitados. Consideraba necesario controlalo, tanto por consideracións morais, como sociais e económicas. Ante o **pesimismo** malthusiano, **Adam Smith** era **optimista** e, como ilustrado, vaticinaba un progreso continuado se se deixaba actuar libremente á iniciativa privada.